PROGRAMA MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2002 EN GALICIA

XIII CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL

DIRECTOR: PROF. DR. FRANCISCO PEÑA

MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS AROUSA-NORTE

Riveira (A Coruña), 27-31 maio 2002

PATROCINADOR OFICIAL

CAIXAGALICIA OBRASOCIAL

COLABORAN NA ORGANIZACIÓN

DEPUTACION DA CORUÑA

INAP
INSTITUTO NACIONAL
DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Concello de Riveira

CONCELLOS PARTICIPANTES

Concello de Boiro

Concello da Pobra do Caramiñal

Concello de Rianxo

ASOCIACIÓNS EMPRESARIAIS PARTICIPANTES

FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS BARBANZA

CENTRO EMPRESARIAL DA CONSTRUCCIÓN DO BARBANZA

ABE
Asociación Boirense de Empresarios

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS COMERCIANTES Y TRABAJADORES AUTÓNOMOS PUEBLA DEL CARAMIÑAL

ARE
ASOCIACION RIANXEIRA DE EMPRESARIOS

ASOCIACION DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA

PRESENTACIÓN

Cada día ten maior importancia o coñecemento do medio ambiente dunha comunidade, xa que é un condicionante do seu benestar social, sanitario e económico (o medio ambiente como xerador de actividades capaces de producir emprego, renda, saúde e benestar á poboación). A industrialización e a urbanización modificaron o medio dando orixe a problemas ambientais de primeira orde (o quentamento global "efecto invernadoiro" e cambio climático, a destrucción da capa de ozono estratosférica, o transporte de contaminantes, a desertización, problemas de contaminación en países en desenvolvemento) que é preciso corrixir, así como evitar que as actividades futuras orixinen máis deterioracións no noso contorno a través dunha política preventiva que permita un desenvolvemento sostido e equilibrado e teña como obxectivos a protección da saúde do home e a conservación de tódolos recursos que condicionan e sustentan a vida. Para a consecución dos obxectivos do VI Programa Comunitario de Acción en materia de medio ambiente para 2001-2010, ademais da consideración das disposicións lexislativas vixentes e de aspectos tecnolóxicos (mellora da xestión dos procesos e control integrado da contaminación, especificacións de productos, xestión de residuos) inclúense actuacións tales como o aumento de diálogo coa empresa, fomento de acordos voluntarios, participación da opinión pública, acceso á información ambiental, etc.

As sólidas convicción ambientais dun amplo sector das sociedades actuais motivaron tamén os empresarios máis sensibles, a producir elementos para a industria anticontaminadora, e obxectos máis ou menos inocuos ecoloxicamente para o consumo. É necesario levar a cabo unha xestión adecuada dos recursos (racionalización do consumo e competitividade), información ós consumidores e desenvolvemento dun clima de confianza na sociedade, e desenvolvemento de normas comunitarias aplicables a procesos de fabricación e productos. A empresa ten unha especial responsabilidade diante do medio ambiente ó ser consumidora de recursos, ademais de fonte de emisións e residuos; pero non é menos verdade, que tamén é orixe de coñecementos científicos e tecnolóxicos, así como de positivos impactos socioeconómicos; o cal levou a moitas empresas a integra-la política ambiental nas estratexias corporativas adoptando criterios de protección do contorno na planificación de actividades e toma de decisións. O xurdimento dunha dinámica autorreguladora das empresas para a mellora das súas actividades ambientais, o que implica tamén ás asociacións e corporacións empresariais, xa que a protección do medio ambiente na empresa constitúe unha responsabilidade corporativa.

A Oficina Rexional para Europa da OMS, baseándose nas iniciativas de Cidades Saudables, e tendo en conta as experiencias dos plans de sanidade ambiental locais e os programas da Axenda 21 existentes nalgúns países europeos, decidiu apoiar ás entidades locais e rexionais para acada-los obxectivos do desenvolvemento sostible; sendo esta unha oportunidade máis, de conciencia-los concellos galegos da importancia de asumir esta filosofía na súa xestión, a través da posta en marcha do **PROGRAMA MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2002 EN GALICIA**, que na Mancomunidade de Concellos Arousa-Norte leva consigo dous niveis de actuación e unha recomendación:

- **Un primeiro nivel de actuación:** de formación e reciclaxe de técnicos en medio ambiente e saúde, e de tódolos axentes sociais implicados no tema, a través da realización do XIII Curso de Saúde Ambiental en Riveira como actividade principal, co obxectivo prioritario de contribuir a mellorar a xestión e as condicións de vida dos cidadáns nos municipios.

- **Un segundo nivel de actuación:** de participación cidadá, a través da realización de conferencias coloquio sobre medio ambiente e saúde, e unha exposición sobre o medio ambiente natural galego, como actividades complementarias, co obxectivo de propiciar a participación activa de tóda-la cidadanía, favorecendo a interrelación entre a saúde e o medio ambiente para promove-la mellora das condicións de vida dos cidadáns nos municipios.

- **Unha recomendación:** que os Concellos da Mancomunidade Arousa-Norte se plantexen a posibilidade de levar a cabo un diagnóstico ambiental (auditoria ambiental), para coñecer cal é a situación real existente da que se parte, coa finalidade de adoptar as medidas correctoras que permitan corrixir as deficiencias detectadas.

Precisamente, co fin de abordar e debater algúns dos problemas prioritarios que teñen os municipios, organízase este curso que, está deseñado de acordo cos principios da Carta Europea sobre Medio Ambiente e Saúde, e a Carta de Aalborg cara á sostibilidade, e dirixido a todos aqueles que traballan ou están interesados no medio ambiente. Finalmente, destaca-la necesidade de unir esforzos por parte de responsables políticos, empresarios, científicos, educadores, profesionais, comunicadores, ecoloxistas, así como a participación activa dos cidadáns, en prol de conseguir un **medio ambiente saudable para tódolos galegos**, mellor legado para xeracións vindeiras.

Prof. Dr. Francisco Peña

PROGRAMA

LUNS, 27 DE MAIO

16,30 h.: Acreditación e entrega de documentación.

17,00 h.: **Acto inaugural** a cargo do *Excmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer,* presidente da Deputación da Coruña e alcalde de Riveira; do *Sr. D. Jesús Alonso Fernández,* alcalde de Boiro; do *Sr. D. Isaac Maceiras Rivas,* presidente da Mancomunidade de Concellos Arousa-Norte e alcalde da Pobra do Caramiñal; do *Sr. D. Pedro Piñeiro Hermida,* alcalde de Rianxo; do *Sr. D. José Luis Álvarez Naveiro,* director xeral adxunto de Relacións Institucionais de Caixa Galicia; e do *Sr. D. Manuel Aguilar López,* director de Obra Social Caixa Galicia.

17,30 h.: **Tema 1:** *"Saúde ambiental: introducción. Importancia da protección e conservación do medio ambiente natural galego. Vixiancia e control da calidade das augas nas rías galegas e a súa repercusión na producción de cultivos mariños".*

19,00 h.: **Tema 2:** *"Contaminación atmosférica e acústica: prevención e loita".*

MARTES, 28 DE MAIO

16,30 h.: **Tema 3:** *"Infraestructuras de servicios sanitarios urbanos. Importancia dos sistemas de abastecemento hídrico e de saneamento das augas residuais en relación coa saúde pública: control sanitario das augas potables de consumo público e depuración das augas residuais. Xestión integral de residuos sólidos urbanos. Problemas sanitarios e ambientais que orixina o uso de praguicidas".*

MÉRCORES, 29 DE MAIO

16,30 h.: **Visitas prácticas:**
- ETAP-Padrón (traída periférica de auga do Ulla a Riveira), xestionada por Espina & Delfín.
- EDAR-Rianxo, xestionada por Aquagest.
- Esteiros dos ríos Ulla (Isorna e Leiro) e Beluso (Taragoña).
- Sistema dunar e lagoas de Carragueiros (Boiro).

XOVES, 30 DE MAIO

16,30 h.: **Tema 4:** *"Empresa e medio ambiente. Industrialización, ambiente de traballo e saúde. Riscos do ambiente de traballo e trastornos na saúde do traballador: a súa prevención. Programa de hixiene e seguridade industrial. Relación da industria coa poboación. Xestión de residuos industriais. A empresa ante o reto ambiental do século XXI: cara unha xestión integrada dos sistemas de calidade, medio ambiente e prevención de riscos laborais".*

17,30 h.: **Visitas prácticas:**
- Empresa Escurís, S.A. (Baiuca-A Pobra do Caramiñal).
- Empresa Jealsa-Rianxeira, S.A. (Bodión-Boiro).

VENRES, 31 DE MAIO

10,00 h.: **Visitas prácticas:** **(opcional)**
- Centro Tecnológico Gallego de Acuicultura-Cluster de la Acuicultura de Galicia (Aguiño-Riveira).
- Planta de coxeneración de enerxía da empresa Frinsa del Noroeste, S.A. (Riveira).

- Cume da Curotiña: sitio natural de interese nacional (A Pobra do Caramiñal).
- Parque natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán (Riveira).

16,30 h.: **Tema 5:** *"Responsabilidade da Administración Local na protección do medio ambiente: competencias e sistemas de financiamento. Instrumentos de xestión ambiental. Municipios saudables e sostenibles. Xestión sanitaria do medio ambiente: diagnósticos de saúde ambiental. Axenda 21 Local aplicable á xestión municipal. Código de boas prácticas ambientais para os municipios".*

18,30 h.: **Mesa redonda:** *"Posta en común sobre a problemática ambiental da Mancomunidade de Concellos Arousa-Norte".*

Ponentes:

-*D. Jesús Alonso Fernández,* alcalde de Boiro.
-*D. Isaac Maceiras Rivas,* alcalde da Pobra do Caramiñal.
-*D. Pedro Piñeiro Hermida,* alcalde de Rianxo.
-*D. José Luis Torres Colomer,* alcalde de Riveira.
-*D. Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa,* secretario xeral de Anfaco, director xeral de Cecopesca e presidente de Aleco, S.A.
-*Dr. D. Santiago Cabaleiro Martínez,* director do Centro Tecnológico Gallego de Acuicultura-Cluster de la Acuicultura de Galicia.
-*Prof. Dr. D. Francisco Javier Sanz Larruga,* experto en dereito ambiental e profesor titular de dereito administrativo da Universidade da Coruña.
-Representante da Xunta de Galicia.

Moderador: *Prof. Dr. D. Jaime Rodríguez-Arana Muñoz,* catedrático de dereito administrativo da Universidade da Coruña e director do Instituto Nacional de Administración Pública.

20, 30 h.: **Acto de clausura** e entrega de diplomas acreditativos de asistencia a cargo do *Ilmo. Sr. Prof. Dr. D. Jaime Rodríguez-Arana Muñoz,* director do Instituto Nacional de Administración Pública; do *Excmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer,* presidente da Deputación da Coruña e alcalde de Riveira; do *Ilmo. Sr. D. José Manuel Pérez Díaz,* subdelegado do Goberno na provincia da Coruña; do *Sr. D. Jesús Alonso Fernández,* alcalde de Boiro; do *Sr. D. Isaac Maceiras Rivas,* presidente da Mancomunidade de Concellos Arousa-Norte e alcalde da Pobra do Caramiñal; do *Sr. D. Pedro Piñeiro Hermida,* alcalde de Rianxo; do *Sr. D. José Luis Álvarez Naveiro,* director xeral adxunto de Relacións Institucionais de Caixa Galicia; e do *Sr. D. Manuel Aguilar López,* director de Obra Social Caixa Galicia.

PROFESOR DO CURSO

O curso será impartido polo Prof. Dr. Francisco José Peña Castiñeira, experto en saúde ambiental; doutor en farmacia; diplomado en sanidade; especialista en toxicoloxía; académico correspondente da Real Academia de Medicina e Ciruxía de Galicia. Tivo o recoñecemento da Organización Mundial da Saúde pola súa valiosa aportación ó Proxecto Europeo "Healthy Cities". A Oficina Rexional para Europa da OMS recomenda plenamente a súa publicación "Medio Ambiente e Saúde", que é un brillante exemplo dos esforzos proclamados pola OMS: "Pensar globalmente, actuar localmente". Na actualidade é profesor de "Medio Ambiente e Saúde" de CEPADE-Universidade Politécnica de Madrid e responsable do Programa Municipios Saudables e Sostibles 2000-2002 en Galicia.

INFORMACIÓN XERAL

OBXECTIVOS

- Integración da dimensión dos aspectos ambientais da saúde na formación e reciclaxe de técnicos en medio ambiente e saúde, coa finalidade de actualiza-la súa formación e adecua-las esixencias que demanda a sociedade actual, para que contribúa a mellora-la xestión e as condicións de vida urbana dos cidadáns.
- Establecer un foro de debate e estudio que aborde a situación medioambiental dos municipios, dos seus problemas e carencias que se consideran máis importantes así como das posibles solucións que se deberán adoptar; ademais de permiti-la cooperación e o diálogo entre tódolos axentes sociais implicados no tema.

DESTINATARIOS

- Técnicos, funcionarios e responsables políticos da Administración Local, Deputacións e Mancomunidades, que desenvolvan a súa actividade ou estean relacionados coas áreas obxecto de estudio.
- Profesorado de ensino secundario, formación profesional e universitaria que desenvolva a súa actividade ou estean relacionados coas áreas obxecto de estudio.
- Técnicos superiores en saúde ambiental e química ambiental.
- Técnicos e xestores de empresas que desenvolvan a súa actividade nos departamentos de calidade, medio ambiente e prevención de riscos laborais.
- Profesionais libres (farmacéuticos, médicos, veterinarios, químicos, biólogos, enxeñeiros, arquitectos, xeógrafos, psicólogos, avogados, economistas, sociólogos, ATS/DE, graduados sociais, etc.) que desenvolvan a súa actividade ou estean relacionados coas áreas obxecto de estudio.
- Titulados en paro e estudiantes interesados no tema.

METODOLOXÍA

- Exposición do profesor co apoio de medios audiovisuais do contido teórico do curso.
- Presentación de casos prácticos nos que tamén intervirán activamente os propios alumnos amosando as súas experiencias.
- Realización de visitas prácticas a instalacións de interese medioambiental.
- Mesa redonda.
- Exposición sobre o medio ambiente natural galego.

NÚMERO DE PRAZAS E DEREITOS DE INSCRICIÓN

- **Número de prazas:** estará limitado a **80**, que se cubrirán por rigorosa orde de inscrición.
- **Cota de inscrición:** 30, 05 €.
- **Forma de pagamento:** o aboamento efectuarase mediante transferencia bancaria á oficina principal de Caixa Galicia, sita na Avenida do Malecón, 19 – 15960 Riveira (A Coruña), nº de conta: **2091 0303 80 3040016485**, a favor do "XIII CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL EN RIVEIRA", especificando o nome e apelidos da persoa inscrita.
- **Forma de inscrición:** cubri-lo boletín de inscrición, ó que deberá achegar o xustificante do pagamento, e presentarase / enviarase por fax / correo á Secretaría Técnica do Curso. O prazo de inscrición abrirase o luns 13 de maio, fixándose a data límite de formalizala o xoves 23 de maio ás 14,00 horas.

DOCUMENTACIÓN

- Entregarase un maletín co libro do curso e recompilación lexislativa ambiental.

DIPLOMA ACREDITATIVO

- Aqueles alumnos que participen con regularidade nas sesións programadas do curso, que consta de 25 horas lectivas, recibirán un diploma acreditativo de asistencia.

SEDE, DATAS E HORARIO

- **Sede:** Auditorio Municipal (Praza dos Mariñeiros, s/n – Riveira).
- **Datas:** do luns 27 ó venres 31 de maio de 2002.
- **Horario:** de 16,30 a 20,30 horas (de luns a venres). O venres de 10,00 -14,00 horas terán lugar unhas visitas prácticas (opcional).

SECRETARÍA TÉCNICA DO CURSO

CONCELLERÍA DE CULTURA E XUVENTUDE - CONCELLO DE RIVEIRA

OFICINAS: AUDITORIO MUNICIPAL

Secretaria: *Montserrat Iglesias Senra*

Praza dos Mariñeiros, s/n.

15960 RIVEIRA (A CORUÑA)

Tel.: 981 83 56 50 / 981 87 31 00 • Fax: 981 87 32 09

EMPRESAS COLABORADORAS

Aquagest

Coca-Cola

Frinsa DEL NOROESTE, S.A.

Escuris

RIANXEIRA

— PROGRAMA MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2002 EN GALICIA —